

D. Consolación Couce Calvo, secretaria do Concello de Moeche (A Coruña))

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8 de xuño de 2016 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

5.- FORMALIZACION, SE PROCEDE DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN AUTOMOVILISTICA DE MOECHE PARA ORGANIZACION DO ' 3º SLALOM CONCELLO DE MOECHE

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA

PRIMEIRO. Outorgar unha subvención nominativa a *Asociación Automovilistica Moeche*, con cargo á aplicación orzamentaria 338.480.00 do orzamento de gastos do Concello, e formalizala no correspondente Convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, por un importe de 2.500 €. con cargo a partida 338.480.00 do orzamento de gastos para a organización do “3º Slalom Concello de Moeche”

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio a suscribir coa entidade *Asociación Automovilistica Moeche* no que se detallan as condicións da subvención concedida a forma de xustificala e o prazos para a súa execución.

TERCEIRO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e anticipar o pago por un importe do 50% da cantidade concedida (1.250 €), con cargo á aplicación orzamentaria 338.480.00, da que existe documento de Retención de Crédito RC expedido por Intervención.

CUARTO. Notificar aos interesados e requirirlos para a sinatura do Convenio

E, para que conste, os efectos oportunos, expídesse a presente, coas salvedades previstas no artg. 206 do ROF das Entidades Locais, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa en Moeche a 13 de xuño de 2016